XUNTA DE GALICIA

Instituto Rosalía de Castro

**RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR**

**SECTOR DO PROFESORADO**

O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade educativa. Todos os profesores e profesoras deste centro (agás os/as substitutos/as) son electores e todos poderán ser elixidos como membros do Consello Escolar. O Instituto renova neste curso tres membros do Consello Escolar do sector de profesorado.

A Xunta electoral elaborou o seguinte **calendario**:

- **Do 1 ao 8 de novembro: Prazo de presentación de candidaturas.** Só poderán ser elixidos os candidatos que presenten nese prazo a súa candidatura na Secretaria do centro, de 9:00 a 14:00 h. e utilizando o impreso que se facilita na mesma secretaría.
- **16 de novembro ás 15:00 h: Reunión do Claustro de profesorado** para presentar a relación de candidaturas e convocar o Claustro extraordinario.
- **25 de novembro ás 14:10h: Claustro Extraordinario de profesorado** onde se constituirá a mesa electoral para a elección do sector do profesorado.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2026

A Presidenta da Xunta Electoral

GEMMA PAREDES SUÁREZ

IES PL. ROSALÍA DE CASTRO · SANTIAGO DE COMPOSTELA ·